



RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO DE GOBERNO RESPONSABLE DA ÁREA PERSOAL, RÉXIME INTERIOR E PATRIMONIO POLA QUE SE APROBA O NOMEAMENTO DE PERSOAL ASESOR DO TRIBUNAL DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA A PROVISIÓN, MEDIANTE OPOSICIÓN LIBRE, DE DÚAS PRAZAS DE BOMBEIRO-CONDUTOR INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2015.

Consonte á base 8ª das bases xerais que rexen a convocatoria do proceso selectivo convocado para a provisión, mediante oposición libre, de dúas prazas de bombeiro-condutor, incluídas na oferta de emprego público do ano 2015, publicadas no BOP núm. 144 do 29 de xullo de 2016, o tribunal cualificador, por medio do seu Presidente, poderá dispor a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas para as probas cos labores que estime pertinentes, limitándose estes a prestar colaboración e as súas especialidades técnicas.

Dado a necesidade de dispoñer de medios informáticos para a corrección do primeiro exercicio tipo test, garantindo así a completa obxectividade na corrección, a certeza do resultado, canto a axilidade para a obtención do mesmo, así como a especialización que require o segundo exercicio de aptitude física e o cuarto exercicio do coñecemento do idioma galego, o tribunal acordou a incorporación de persoal asesor para a colaboración no desenvolvemento destes exercicios/probas.

Á vista do anterior esta concellería de goberno, no exercicio das súas atribucións delegadas,

RESOLVE

Primeiro.- Designar en calidade de membro asesor do tribunal para a corrección do primeiro exercicio, test, a don Santiago Pérez Agra, técnico medio informático do Concello de Pontevedra.

Segundo.- Designar en calidade de membro asesor do tribunal para o segundo exercicio, aptitude física, a don Santiago Ferrer Alonso, Licenciado en Ciencias da actividade física e deporte.

Terceiro.- Designar en calidade de membro asesor do tribunal para o cuarto exercicio, sobre coñecemento de idioma galego, a dona Concepción Cochón Rodríguez, normalizadora lingüística do Concello de Pontevedra

Cuarto.- Publicar a presente resolución no taboleiro de anuncios do Concello de Pontevedra, situado no baixo do edificio Michelena 30, para xeral coñecemento e efectos e, de forma complementaria, na Sede Electrónica do Concello de Pontevedra (sede.pontevedra.gal).

Así o ordena e dispón o concelleiro de goberno responsable da Área de Persoal, Réxime Interior e Patrimonio, no exercicio das súas atribucións delegadas, en Pontevedra a vinte e dous de novembro de dous mil dezaseis, do que eu, Secretario Xeral do Pleno, por substitución disposta no artigo 46.3 do Regulamento orgánico do goberno e administración, do que

O CONCELLEIRO DE GOBERNO,



Vicente Legisima García.



O SECRETARIO XERAL DO PLENO,



Luís Mato Rodríguez.